Condicións Particulares do Contrato de Subministración de Enerxía Eléctrica

TARIFA E PREZO

Tarifa: Precio estable

De acordo coa tarifa elixida polo CLIENTE, o Prezo estará constituído polos seguintes conceptos:

- **TERMO DE POTENCIA CONTRATADA**: O importe obtense multiplicando a potencia contratada (kW) polo CLIENTE polo número de meses da subministración, polo prezo fixado pola COMERCIALIZADORA. Non depende do consumo, e inclúe o custo das peaxes e cargos vixentes en cada momento (*).
  O valor actual do prezo, incluídos cargos e peaxes, é:
  - Tarifa de acceso 2.0TD
    - P1 — 48,70 €/kW·ano (61,95 €/kW·ano impostos incluídos).
    - P2 — 21,73 €/kW·ano (27,63 €/kW·ano impostos incluídos).
- **TERMO DE ENERXÍA CONSUMIDA (TEC)**: O importe obtense multiplicando a Enerxía Consumida (kWh) polo CLIENTE durante o período de facturación polo resultado da suma das Peaxes e Cargos vixentes en cada momento (*) e o Custo da Enerxía fixado pola COMERCIALIZADORA.
  O valor actual do prezo, incluídos cargos e peaxes, é:
  - Tarifa de acceso 2.0TD
    - 0,149000 €/kWh (0,189508 €/kWh impostos incluídos).
- (*) As **peaxes e cargos** actualízanse periodicamente pola CNMC, de acordo coa Circular 3/2020, de 15 de xaneiro, pola que se establece o método para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Real Decreto 148/2021, de 9 de marzo, de metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico. Actualmente son aplicables a Resolución da CNMC de 18 de marzo de 2021, pola que se establecen os valores das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e, ata o 31 de decembro de 2022, a Disposición Adicional 1ª do Real Decreto-lei 6/2022, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-4972. As variacións

que se dean nas peaxes e cargos trasladaranse ao prezo de enerxía usando o perfil de consumo de aplicación aos consumidores sen medida horaria, definido polo Real Decreto 216/2014, ou a disposición que o substitúa, calculado por Rede Eléctrica de España, e accesibles na súa páxina www.esios.ree.es.

- Sen prexuízo da cláusula 11 (Modificación) das condicións xerais deste Contrato, de maneira adicional ás actualizacións de prezo nas prórrogas anuais, a Comercializadora poderá realizar unha actualización de prezos aos seis (6) meses dende a data da activación do Contrato e de cada prórroga sucesiva, notificándollo ao Cliente cun preaviso dun mes de antelación. A comunicación incluirá unha detallada comparativa entre prezo e importe anterior e posterior á mudanza, de acordo coa lexislación vixente. O Cliente poderá rescindir o Contrato sen custo ningún.

  Caso de actualización, o novo prezo será, como máximo e sen prexuízo de a Comercializadora poder aplicar un prezo menor, o resultado da seguinte fórmula:

  Novo Prezo = Custo Enerxía + Peaxes + Cargos

  Custo Enerxía = ((1+Perdh) * (PFA + OMIP * Apuntamento + SAh + OCh) * (1+TM/(1-TM)). Onde:

  - PERDh: media aritmética dos coeficientes de perdas horarios da peaxe de acceso de aplicación á subministración, publicadas por REE (www.esios.ree.es), para os seis meses naturais seguintes ao mes no que se realiza a comunicación. A esta media sumaráselle un coeficiente aditivo de seguridade, en concepto de risco pola diferenza entre as perdas das liquidacións de A2 e de C5 de REE, cuxo valor será de 7 puntos porcentuais.

  - OMIP: Media aritmética do “Settlement price”, publicado por OMIP (www.omip.pt), dos produtos FTB M dos seis meses naturais seguintes ao mes no que se realiza a comunicación. Tomaranse os valores publicados o derradeiro día laborable (non festivo segundo o calendario de OMIP) do mes anterior á comunicación. A esta media sumaráselle un importe en concepto de prima de risco por baixa liquidez de mercado con valor de 0,008 €/kWh.

  - Apuntamento: calcularase como a suma de todos os produtos horarios dos perfís iniciais, publicados por REE (www.ree.es) multiplicados polos prezos medios horarios, publicados por OMIE (www.omie.es), dos últimos 12 meses naturais anteriores ao mes no que se realiza a comunicación e dividido polo prezo medio aritmético dos devanditos 12 meses. Ao resultado sumaráselle un valor fixo de 0,1 en concepto de prima de risco por apuntamento.

  - SAh: 0,015 €/kWh máis a media aritmética das Restricións máis os Servizos de enerxía de Balance (exceptuando o valor de “Desvíos Medidos”),

publicados por REE (www.esios.ree.es), dos últimos 12 meses naturais anteriores ao mes no que se realiza a comunicación. A este valor sumaráselle o valor dos desvíos medidos dividido entre un factor de 0,25.

- OCh: Outros custos asociados á subministración, que inclúen: pagamentos por capacidade, servizo de interrompibilidade, retribución do operador do mercado e retribución do operador do sistema, importe unitario da achega ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética. Tomaranse os valores medios dos últimos 6 meses naturais anteriores ao momento da comunicación.

- TM: Taxa de ocupación da vía pública, vixente no momento da comunicación, regulada no artigo 24.1.c) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, actualmente 1,5 %.

- PFA: Un parámetro fixo adicional, con valor de 0,034 €/kWh en concepto de custos operativos, custos financeiros, marxe de comercialización e custo de Garantías de Orixe renovable.

Na primeira revisión semestral de prezos, que poderá ter lugar aos seis meses desde a activación do contrato, o prezo revisado non se incrementará en ningún caso en máis de 0,035 €/kWh.

- **DESCONTO EN TELECOMUNICACIÓNS (JAZZTEL):** O CLIENTE poderá beneficiarse dun desconto de 4,96 € máis impostos (6,00 € na península IVE incluído), aplicado no produto de telecomunicacións de JAZZTEL que dispoña e sexa elixido polo CLIENTE.

  Este desconto xerarase o derradeiro día de cada mes e aplicarase na seguinte factura de servizos de telecomunicación. Será de aplicación coa condición de que: i) o CLIENTE teña contratados servizos de telecomunicacións de pospagamento con JAZZTEL e o produto de telecomunicacións seleccionado se atope activo nesa data e ii) o CLIENTE se atope ao corrente das obrigas de pagamento derivadas do seu contrato de enerxía e de telecomunicacións no devandito momento.

  O CLIENTE poderá aplicar tantos descontos no seu produto de telecomunicacións coma contratos de enerxía teña coa COMERCIALIZADORA, cun límite mensual destes descontos do importe total mensual do produto de telecomunicacións seleccionado. O exceso de desconto non se acumulará nin aboará.

  O desconto será aplicable durante o tempo de vixencia conxunta de ambos os dous contratos. Caso de, en calquera momento, o CLIENTE efectuar a baixa do servizo contratado con JAZZTEL ou coa COMERCIALIZADORA, a presente condición deixará de estar vixente entre as partes e, xa que logo, deixarase de

aplicar o citado desconto. Caso de dar de baixa o contrato de enerxía, aplicarase o desconto rateándose en proporción ao número de días do mes nos cales o contrato permaneza activo.

Este desconto en telecomunicacións concédeo Orange España, concretamente ORANGE ESPAGNE, S.A.U. A-82009812, entidade pertencente á propia Orange España.

- **OUTROS CONCEPTOS REGULADOS:**

  - **Alugueiro de contador**: Caso de se atoparen o equipo de medida e o resto dos compoñentes da medida instalados en réxime de alugueiro, os prezos que se facturen polo devandito alugueiro serán os regulamentariamente vixentes en cada momento e fixados polo Ministerio. O CLIENTE pode consultar os prezos vixentes do alugueiro dos equipos de medida que percibe a empresa Distribuidora en https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-8561, que se repercuten ao CLIENTE sen marxe adicional.

  - Repercutirase así mesmo o custo do financiamento do bono social, que será o determinado consonte o disposto no art. 45 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-13645, no Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2017-11505, e na Orde ETU/943/2017, de 6 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2017-11532, e posteriormente polo RDL 6/2022, de 29 de marzo, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-4972. Este custo será axustado automaticamente caso de se aplicar calquera mudanza normativa que exonere ou modifique o mesmo ou a súa determinación para as empresas comercializadoras.

  - O **resto de conceptos regulados**, como excesos de potencia, penalizacións por reactiva, dereitos de enganche, extensión, etc., son determinados pola Distribuidora segundo a regulación vixente e son repercutidos ao Cliente sen ningunha marxe adicional.

As variacións das tarifas de acceso, peaxes e cargos, así como calquera modificación, creación ou eliminación doutros conceptos regulados que poida modificar ou establecer a Administración, poderán ser repercutidos ao consumidor desde a data de entrada en vigor das devanditas mudanzas, sen que iso teña a consideración de modificación das condicións contractuais do presente Contrato.

- **IMPOSTOS APLICABLES LEGALMENTE ESIXIBLES**. Aos prezos aplicarase calquera imposto legalmente esixible que se atope en vigor. No momento da sinatura do presente Contrato, os devanditos impostos son o Imposto Especial sobre a Electricidade (IESE) e o IVE ou o imposto indirecto correspondente en Canarias, Ceuta e Melilla. O prezo con impostos axustarase ás posibles variacións impositivas aplicables, calquera que for a súa duración temporal.

    - O IESE grava a subministración de enerxía eléctrica para o consumo e regúlase nos arts. 89 a 104 da Lei 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos Especiais. Pode consultarse en https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28741.

    - O IVE regúlase na Lei do Imposto sobre o Valor Engadido 37/1992, de 28 de decembro. Pode consultarse en https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28740.

    - En Canarias aplicarase o IXIC (Imposto Xeral Indirecto Canario). O IXIC atópase regulado na Lei 20/1991, de 7 de xuño, e pode accederse a ela en https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1991-14463.

    - En Ceuta e Melilla aplicarase o IPSI (Imposto sobre a produción, os servizos e a importación). O IPSI regúlase na Lei 8/1991, de 25 de marzo, https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1991-7645.

- Os gastos de devolución da entidade bancaria, os gastos derivados do cobro extemporáneo, impago e outros gastos de xestión administrativa análogos serán repercutidos ao CLIENTE cando se deban á falta de fondos ou outras causas imputables ao CLIENTE, correspondendo un importe de até 15,00€ máis impostos (18,15€ impostos indirectos incluídos), acumulables ao importe pendente das facturas impagadas. A COMERCIALIZADORA non os cobrará na primeira devolución para que o CLIENTE poida asegurar a corrección dos datos bancarios, se fose preciso.

- **Consumo máximo de enerxía:** Esta tarifa aplícase para consumos máximos anuais non superiores a 120.000 kWh. Se o consumo medio mensual durante tres meses consecutivos supera os 10.000 kWh, poderase aplicar ao CLIENTE a partir dese momento a tarifa indexada vixente.

- **COMPENSACIÓN DE EXCEDENTES DE AUTOCONSUMO.** O CLIENTE, se é o caso, manifesta que opta voluntariamente por acollerse á modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes acollida a compensación para cando cumpra todas as condicións administrativas e técnicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.

Neste caso, a COMERCIALIZADORA retribuirá en cada período de facturación ao CLIENTE os kWh de enerxía excedentaria do período (entendendo como enerxía excedentaria aquela que se define no art. 3.q do RD 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica) multiplicada polo perfil solar horario de OMIP de acordo coa seguinte fórmula:

TEE = Prezo Enerxía Excedentaria x Enerxía Excedentaria (kWh)

Onde:

Prezo Enerxía = Pmh – DSVh

- PMh: Prezo medio horario obtido a partir dos resultados do mercado diario.

- DSV: Prezo dos desvíos medidos publicado por REE na páxina ESIOS, www.esios.com, dividido por un parámetro estimativo dos custos reais de desvío da comercializadora, cuxo valor actual é de 0,29.

A facturación efectuarase tomando a enerxía horaria excedentaria facilitada pola compañía distribuidora segundo o estabelecido na normativa vixente. En aplicación da normativa vixente, o valor económico da enerxía horaria excedentaria non poderá ser superior ao valor económico da enerxía horaria consumida da rede no período de facturación, o cal non poderá ser superior a un (1) mes.

As variacións normativas relativas a compoñentes regulados ou outros custos, tributos ou cargas análogos que afecten o cálculo económico da enerxía excedentaria, de se producir, repercutiranse ao CLIENTE de xeito transparente e automático sen teren a consideración de modificación de prezo.

Condicións Xerais do Contrato de Subministración de Enerxía Eléctrica

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. O obxecto do presente Contrato é a subministración de enerxía eléctrica por parte de Energía Colectiva S.L. (en diante, Jazztel luz y gas ou a COMERCIALIZADORA), NIF B.98.670.003, correo postal: rúa Don Juan de Austria, núm. 28, Pta. 4, 46002, Valencia., correo electrónico: info@jazztelluzygas.com, no punto de conexión á rede ou de entrega, situado nas instalacións do CLIENTE e coa potencia e tarifa indicadas nas Condicións Particulares.

1.2. O presente Contrato ten carácter persoal e por iso a enerxía fornecida tense que destinar ao consumo do CLIENTE no punto de entrega indicado nas Condicións particulares, sen que este poida cedela ou vendela a terceiros, nin utilizala noutro lugar ou para fins distintos aos estabelecidos nas Condicións Particulares. O incumprimento desta obriga poderá ser considerada causa de resolución do presente Contrato.

1.3. A COMERCIALIZADORA está comprometida co medio ambiente, por iso conta coa garantía de certificados verdes, electricidade 100 % renovable. A COMERCIALIZADORA garante que só comercializa enerxía verde certificada, que se entende como a proveniente de instalacións produtoras de electricidade de orixe renovable, na cantidade equivalente ao consumo eléctrico do CLIENTE. As instalacións produtoras de electricidade de orixe renovable son aquelas que obteñen a súa enerxía de fontes naturais virtualmente inesgotables. O procedemento formal que a COMERCIALIZADORA utiliza para certificar a electricidade serán os certificados de garantía de orixe emitidos pola CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia).

2. ATENCIÓN AO CLIENTE

2.1. A COMERCIALIZADORA porase en contacto co CLIENTE electronicamente por distintos medios, por exemplo mediante correo electrónico, mensaxes de texto (SMS), notificacións dentro de aplicacións, ou publicando mensaxes ou comunicacións por correo electrónico no sitio web ou a través de calquera outro Servizo da COMERCIALIZADORA.

2.2. Co obxecto de facilitar a continuidade nas comunicacións entre os asinantes deste contrato, as partes comprométense a manter os números de teléfono móbil, fax, enderezo de correo electrónico e enderezo postal que se comunicaron na solicitude de contratación e a notificar no prazo de 14 días por conduto fidedigno á outra parte calquera mudanza que se produza nestes datos.

2.3. Unha copia das presentes Condicións Xerais, así como das Condicións Particulares, estará permanentemente accesible na zona de clientes da web https://jazztelluzygas.com, mediante acceso personalizado para o CLIENTE.

2.4. A COMERCIALIZADORA disporá de xeito gratuíto un servizo de atención telefónica permanente no teléfono , ao que o Cliente poderá dirixirse para calquera incidencia relacionada coa subministración ou co presente Contrato. Adicionalmente, a COMERCIALIZADORA porá á disposición do CLIENTE medios de comunicación electrónica (a través de info@jazztelluzygas.com), a comunicación postal no domicilio que consta nas Condicións Particulares e directamente dende a súa área de cliente para aqueles casos nos que o cliente os precise.

3. ACCESO Á REDE DE DISTRIBUCIÓN E AUTORIZACIÓNS DO CLIENTE

3.1. O CLIENTE autoriza e faculta a COMERCIALIZADORA para que, durante a vixencia do presente Contrato, subscriba no seu nome e representación o contrato de acceso á rede coa compañía Distribuidora correspondente á que se conecte o CLIENTE e para que realice perante outras empresas comercializadoras de enerxía todas as xestións precisas para o bo fin deste Contrato, e en particular para que cancele os contratos de subministración de enerxía que tivese anteriormente concertados con elas e obteña todos os datos do Cliente contidos nos rexistros dos que as devanditas empresas poidan dispor relativos á subministración de enerxía e á domiciliación bancaria do seu pagamento.

3.2. O CLIENTE comprométese, durante a vixencia do presente Contrato, a non resolver o contrato de acceso á rede subscrito pola COMERCIALIZADORA no seu nome coa Distribuidora correspondente. O incumprimento desta obriga dará dereito á COMERCIALIZADORA a resolver este Contrato.

4. ENTRADA EN VIGOR, DURACIÓN E PRÓRROGA

4.1. O presente Contrato entrará en vigor no momento da aceptación por parte do CLIENTE das condicións e terá, con carácter xeral, unha duración inicial dun (1) ano a contar desde o inicio da subministración de electricidade ao CLIENTE, unha vez activada a subministración na rede de distribución e o equipo de medida cumpra os requisitos establecidos pola regulamentación vixente, agás que nas Condicións Particulares da tarifa contratada se estipule expresamente unha duración distinta.

4.2. Ao finalizar o prazo de duración inicial, o presente contrato prorrogarase automaticamente por períodos adicionais de duración idéntica á inicial, mantendo as mesmas Condicións Xerais e Particulares, agás pacto en contrario. A COMERCIALIZADORA notificaralle ao CLIENTE de forma directa, transparente e comprensible calquera revisión dos prezos que resulte de aplicación na seguinte prórroga, cunha antelación mínima dun (1) mes á súa entrada en vigor. O CLIENTE poderá rescindir o Contrato e as súas prórrogas en calquera momento, sen necesidade de preaviso. Para ese efecto, cada factura enviada ao CLIENTE indicará a data de finalización do Contrato co fin de que poida evitar a súa prórroga, se esa é a súa vontade.

4.3. A entrada en vigor do Contrato estará condicionada á súa validación por parte da COMERCIALIZADORA, que poderá rexeitar a súa subscrición en caso de discrepancia ou incorrección dos datos fornecidos polo CLIENTE e non emendados a pedimento da COMERCIALIZADORA, en caso de débeda anterior pendente coa COMERCIALIZADORA ou outra empresa subministradora, como consecuencia da valoración de solvencia do CLIENTE, ou a súa inclusión en ficheiros relativos ao incumprimento de obrigas pecuniarias. Se o acceso for finalmente denegado pola Distribuidora por causas alleas á COMERCIALIZADORA o presente Contrato non entrará en vigor, sen dereito a indemnización por ningunha das partes.

4.4. O CLIENTE autoriza a COMERCIALIZADORA a obter a referencia catastral correspondente ao enderezo da subministración, realizando unha procura cos datos fornecidos no servizo web da Dirección Xeral do Catastro para dar cumprimento ao artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. A referencia catastral obtida será comunicada ao Cliente, que deberá confirmar a súa validez ou en caso contrario comunicar a referencia catastral correcta. No caso de non poder obter unha referencia catastral mediante a procura informarase ao Cliente para que achegue a devandita información.

5. EQUIPO DE MEDIDA E CONTROL

5.1. O CLIENTE comprométese a non manipular o Equipo de Medida e Control, e a informar a COMERCIALIZADORA no caso de se detectar un funcionamento anormal do Equipo de Medida e Control ou incidencias neste.

5.2. O CLIENTE disporá no Punto de Subministración dun equipo de medida axeitado, en propiedade ou alugueiro (“Equipo de Medida”), que deberá axustarse aos requisitos técnicos legalmente estabelecidos, e será responsable da súa custodia e mantemento e do cumprimento das demais obrigas estabelecidas pola lexislación vixente. O prezo mensual do alugueiro do contador de electricidade será o fixado normativamente polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico ou Organismo competente para a tarifa de acceso correspondente e que cobra a empresa Distribuidora, ao que se lle incorporará o IVE ou imposto indirecto aplicable, que será indicado nas facturas que se emitan ao CLIENTE.

5.3. O CLIENTE garantirá o acceso ao Equipo de Medida e Control á COMERCIALIZADORA e á empresa Distribuidora correspondente, co fin de levar a cabo a instalación, inspección, lectura, mantemento, verificación e control, así como outras actuacións que resulten precisas para a consecución do Contrato de Subministración e en cumprimento da normativa en vigor.

5.4. Será a empresa Distribuidora quen realice a conexión das instalacións e dos equipos de medida, así como as lecturas reais, todo iso nos prazos e condicións estabelecidos legalmente.

6. PUNTO DE SUBMINISTRACIÓN (INSTALACIÓN E CONDICIÓNS TÉCNICAS) E CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN

6.1. Enténdese por Punto de Subministración o punto de conexión ou entrega situado na instalación do CLIENTE no que se efectúa a medida do consumo da enerxía fornecida pola COMERCIALIZADORA. A alta da subministración axustarase aos prazos que poida establecer a norma vixente en cada momento.

O CLIENTE, na súa calidade de titular, seguirá mantendo fronte á distribuidora todos os dereitos relativos ao Contrato ATR (incluídos os relativos á calidade da subministración) e, en caso de resolución do Contrato, seguirá sendo titular do depósito de garantía que puidese existir. Así mesmo, no momento de finalización do Contrato, o CLIENTE acepta as condicións do Contrato ATR que tivese nese momento, asumindo con iso o custo de calquera cambio contractual que decida nese momento ou no futuro.

O nivel mínimo de calidade esixible e o prazo para a conexión inicial (establecido normativamente nun máximo de cinco (5) días hábiles desde a contratación se non require actuacións previas na rede) son responsabilidade exclusiva da compañía Distribuidora e axustaranse ao definido na normativa vixente aplicable, tanto nos índices como nos posibles dereitos de compensación e reembolso en caso de incumprimento dos niveis de calidade e, en especial, nos arts. 99 a 110 do RD 1955/2000 ou nas normas que o substitúan. A COMERCIALIZADORA non responderá polos atrasos, deficiencias na calidade da enerxía ou continuidade do servizo imputables á Distribuidora, e limitarase a esixirlle a esta última o estrito cumprimento das súas obrigas legais en beneficio do CLIENTE. En todo caso, a COMERCIALIZADORA comprométese a: (i) incluír no Contrato ATR que se asina coa distribuidora o cumprimento dos niveis mínimos de calidade esixidos; e (ii) trasladar as bonificacións, descontos e/ou indemnizacións que poida aplicar a distribuidora por incidencias na súa rede.

6.2. As potencias máximas que poderá consumir o CLIENTE estabeleceranse consonte a normativa vixente respecto diso. A tensión nominal e as potencias contratadas polo CLIENTE e polas que se efectúa a subministración serán as que contratara o CLIENTE e nas condicións particulares fixarase a potencia contratada.

6.3. A COMERCIALIZADORA tramitará perante a Distribuidora e trasladará ao CLIENTE as bonificacións, descontos ou indemnizacións que correspondan e aplique a Distribuidora por incidencias na súa rede, todo iso consonte a normativa vixente en cada momento.

7. TARIFAS E PREZO

7.1. Agás que se dispoña outra cousa nas Condicións Particulares e en función da tarifa elixida polo CLIENTE, o Prezo incluirá:

- TERMO DE POTENCIA CONTRATADA: O importe obtense multiplicando a potencia contratada (kW) polo coeficiente de peaxes e cargos vixentes en cada momento.

- TERMO DE ENERXÍA CONSUMIDA: O seu importe obtense aplicando á enerxía consumida polo CLIENTE o resultado da suma das peaxes e cargos vixentes en cada momento e do prezo da enerxía en cada momento, de acordo coas Condicións Particulares.

As peaxes e os cargos actualízanse periodicamente pola CNMC, de acordo coa Circular 3/2020, de 15 de xaneiro, pola que se establece o método para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Real Decreto 148/2021, de 9 de marzo, de metodoloxía de cálculo dos cargos do sistema eléctrico.

OUTROS CONCEPTOS REGULADOS:

- Se procede, alugueiro de contador, equipos de medida, elementos de control e outros compoñentes para a medida da electricidade (transformadores, ICP, etc.) cuxas cantidades corresponden á empresa Distribuidora.

- En función da tarifa contratada, o custo do financiamento do bono social, de acordo coas Condicións Particulares.

- Resto de conceptos regulados de acordo coa normativa, que son determinados pola empresa Distribuidora e serán repercutidos ao CLIENTE sen ningunha marxe adicional.

IMPOSTOS APLICABLES LEGALMENTE ESIXIBLES:

- O Imposto Especial sobre a Electricidade (IESE): Grava a subministración de enerxía eléctrica para o consumo de acordo coa lexislación vixente en cada momento.

- Impostos indirectos: Imposto indirecto aplicable (IVE, IXIC ou IPSI): Aos prezos aplicaránselles, de acordo coa normativa aplicable, os impostos indirectos vixentes en cada momento. O tipo impositivo, que se especificará e desagregará na factura, será o que resulte aplicable en cada momento. Son impostos indirectos aplicables, segundo o territorio do punto de subministración, o IVE, o IXIC ou o IPSI.

7.2. Adicionalmente, serán a cargo do CLIENTE os recargos por exceso de potencia ou enerxía reactiva, que a COMERCIALIZADORA incorporará na factura. A COMERCIALIZADORA comunicará de xeito oportuno e trasladará directamente ao CLIENTE na facturación calquera incremento ou diminución no prezo das tarifas de acceso á rede, cargos ou calquera incremento nas cotas para fins específicos e tributos. As bonificacións e devolucións aplicadas pola empresa Distribuidora tamén serán directamente repercutidas ao CLIENTE.

7.3. Dereitos de Acometida e outros custos de distribución: Incluiranse na factura, e o CLIENTE custeará, os gastos orixinados polos traballos de enganche, extensión, reconexión, verificación ou outros dereitos de acometida precisos para atender a nova subministración ou para a modificación da existente, e adaptala ás prescricións técnicas en vigor, e que corresponde executar á Empresa Distribuidora ou ao instalador habilitado para iso. O CLIENTE tamén se fará cargo de todos aqueles gastos, facturados á COMERCIALIZADORA e derivados das actuacións no Punto de Subministración por parte da distribuidora, no período de duración do Contrato, levados a cabo pola Empresa Distribuidora, a pedimento do CLIENTE ou por actuacións de acordo coa normativa vixente, que sexan esixibles e repercutibles ao CLIENTE, para a realización das devanditas actuacións, e informarase deles nas facturas emitidas pola COMERCIALIZADORA, e que deban ser aboados pola COMERCIALIZADORA á Distribuidora.

7.4. A creación ou modificación de calquera novo custo asociado á subministración eléctrica, incluído o financiamento da retribución tanto do Operador do Sistema (OS) como do Operador do Mercado (OM), que sexa ou poida ser repercutido á demanda poderá ser trasladado aos prezos do Contrato sen que iso teña a consideración de modificación das condicións contractuais. En particular, considerararanse como custos asociados á subministración os pagamentos correspondentes ao financiamento do servizo de ininterrompibilidade e ao financiamento da retribución do servizo de dispoñibilidade segundo o previsto na normativa de aplicación.

7.5. Así mesmo, o prezo do Contrato estipulado nas Condicións Particulares non inclúe, e serán de conta exclusiva do CLIENTE de xeito adicional sen que iso teña a consideración de modificación nas condicións económicas acordadas, os demais importes ou gastos que se produciren no Punto de Subministración ou a partir deste en relación coa subministración de electricidade, así como calquera importe que, en virtude da normativa aplicable, deba aboar a COMERCIALIZADORA no tocante á subministración de enerxía eléctrica ou na súa condición de empresa comercializadora.

7.6. Caso de, durante a vixencia do presente Contrato, entrar en vigor algún novo gravame, imposto ou tributo aplicable á electricidade obxecto desta subministración, ou calquera outra forma de fiscalidade sobre produtos enerxéticos, ou de se incrementaren os vixentes, os prezos que se recollen nas Condicións Particulares serían incrementados na mesma cantidade que resultase das anteriores modificacións. Xa que logo, adicionalmente aos prezos do Contrato, o cliente satisfará á COMERCIALIZADORA as cantidades que, no seu caso, esta deba soportar ou se lle deban repercutir en concepto de imposto especial ou de calquera forma de tributación sobre produtos enerxéticos e demais gravames que recaian sobre a electricidade obxecto deste Contrato. Para ese efecto, na facturación que a COMERCIALIZADORA emita incluiranse as cantidades que o CLIENTE deba satisfacer por estes conceptos. A obriga do CLIENTE de satisfacer estes importes persistirá ata a súa total liquidación, mesmo no caso de se alcanzar o prazo de duración previsto para este Contrato ou de se extinguir este de calquera xeito.

7.7. A COMERCIALIZADORA repercutirá ao CLIENTE calquera importe reclamado pola empresa Distribuidora, e que será trasladado integramente ao CLIENTE segundo a regulamentación vixente. A COMERCIALIZADORA repercutirá ao CLIENTE calquera importe reclamado pola empresa Distribuidora por mor de refacturacións ou resultados de actas de inspección en relación co punto de subministración do CLIENTE.

7.8. Os prezos indicados estarán vixentes durante o período acordado, aínda que se repercutirán automaticamente sobre estes as variacións á alza ou á baixa nas tarifas e peaxes de acceso, cargos, canons e demais conceptos regulados que puidesen ser aprobados pola Administración, e resultarán de aplicación durante a vixencia do contrato, en cumprimento da normativa aplicable, sen ter iso a consideración de modificación das presentes condicións contractuais.

8. FACTURACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO

8.1. A lectura de consumos a partir da cal se emitirá a factura é a que fai a empresa Distribuidora, responsable legal da súa realización. A COMERCIALIZADORA facturará coa lectura do consumo facilitada pola Distribuidora e de non a haber, a facilitada polo CLIENTE. Caso de non se dispor das lecturas de consumo antes de que remate o prazo previsto de facturación, o CLIENTE autoriza a COMERCIALIZADORA a facturar a partir dun consumo estimado sobre a base da medida dos períodos anteriores ou, de non o haber, estimado segundo os mellores históricos ou datos dispoñibles, que se regularizará posteriormente en función dos consumos reais que achegue a compañía Distribuidora.

8.2. A facturación do consumo realizarase con carácter mensual por meses naturais vencidos. A COMERCIALIZADORA facturará dentro dos trinta (30) días posteriores ao remate de cada mes, agás cando non se dispoña de medidas válidas fornecidas pola Distribuidora e non se poida estimar correctamente o consumo ou existan incidencias, discrepancias ou reclamacións en curso, e comprenderá todos os consumos feitos no devandito período total ou, no seu caso, ata o remate do Contrato acontecido no devandito período por calquera causa, incluídas a desistencia ou a resolución deste. Caso de baixa efectiva do Contrato, terase en conta a data comunicada pola Distribuidora á COMERCIALIZADORA como data de terminación do servizo, momento no que a Distribuidora fai a lectura real do contador do punto de subministración do usuario e permite a mudanza de comercializadora.

8.3. Na factura emitida pola COMERCIALIZADORA detallaranse todos os conceptos legalmente esixibles, distinguindo o prezo da electricidade de calquera outro concepto facturado, e proporcionará información ao CLIENTE sobre a orixe da enerxía fornecida, os impactos ambientais das distintas fontes de enerxía e a proporción utilizada entre elas. A lectura de consumos base sobre a cal se emitirá a factura é a que fai a Distribuidora, responsable legal da súa realización.

8.4. O CLIENTE ten dereito a elixir o medio de pagamento entre os habitualmente utilizados no tráfico comercial. Non obstante, por axilidade administrativa e seguridade, a COMERCIALIZADORA establece a domiciliación bancaria como medio de pagamento preferente. As partes acordan libre e expresamente que o pagamento da factura se efectuará ao día seguinte da súa emisión ou, no seu defecto, na data en que a entidade bancaria designada reciba a comunicación co importe que se debe cargar na conta do CLIENTE, no caso da domiciliación bancaria, e nun prazo máximo e improrrogable de TRES (3) días naturais desde a súa emisión para calquera outro medio de pagamento que elixa o CLIENTE.

No caso de que o CLIENTE opte por un medio de pagamento distinto da domiciliación bancaria, a COMERCIALIZADORA poderá repercutir os cargos asociados ao uso dese medio que, se for o caso, se establezan expresamente nas Condicións Particulares. Estes cargos serán en todo caso obxectivos e proporcionais e nunca superarán os custos directos soportados pola COMERCIALIZADORA polo uso dese medio de pagamento específico, de conformidade coa normativa de consumo aplicable. A falta de pagamento no prazo indicado devindicará automaticamente os xuros de demora previstos na Cláusula 8.6.

A COMERCIALIZADORA está facultada para fraccionar, sen custo ningún para o CLIENTE, o pagamento dunha factura ata nun máximo de catro cotas mensuais; esta circunstancia comunicaráselle ao CLIENTE, que poderá trasladar á COMERCIALIZADORA a súa vontade de non facer uso do servizo.

8.5. O CLIENTE poderá modificar a domiciliación bancaria do pagamento das facturas mediante notificación por escrito á COMERCIALIZADORA ou a través da súa área de cliente, cunha antelación mínima de 21 días naturais á data de emisión da factura para así permitir a modificación de datos coa entidade bancaria e o cargo na nova conta.

8.6. Sobre as cantidades facturadas non satisfeitas nas datas previstas e por causas non imputables á COMERCIALIZADORA, aplicarase automaticamente e sen necesidade de ningún requirimento, dende a data do seu vencemento e ata o seu pagamento completo, o tipo aplicable dos xuros legais do diñeiro publicado polo Banco de España.

8.7. Se a devolución da factura de subministración é por causas imputables á COMERCIALIZADORA, esta asumirá todos os gastos inherentes á mesma.

O ingreso do importe para satisfacer a débeda correspondente ás facturas non pagas e devolucións de cobramentos mediante domiciliación bancaria farase mediante o pagamento con cartón (débito ou crédito) a través do TPV virtual posto á disposición do CLIENTE ou mediante ingreso do importe ou transferencia bancaria na conta facilitada pola COMERCIALIZADORA, indicando de maneira obrigatoria o número de contrato da subministración e o número de factura correcto, para que este medio de pagamento sexa efectivo, e poida ser debidamente identificado e rexistrado pola nosa compañía.

8.8. O CLIENTE fica expresamente informado de que, de non atender no prazo o pagamento da débeda, os datos relativos ao incumprimento poderán ser comunicados pola COMERCIALIZADORA a un ficheiro de incumprimento de obrigas pecuniarias, con pleno respecto da normativa de aplicación de protección do consumidor canto a condicións de acceso ao devandito rexistro.

8.9. Mecanismo de estimación e corrección de erros: Co fin de asegurar unha facturación periódica e regular, no suposto de que non se dispoña de lecturas reais facilitadas pola Distribuidora que coincidan exactamente coa data de finalización do período de facturación, a COMERCIALIZADORA queda facultada para estimar e facturar o consumo correspondente aos días sen lectura. Esta estimación poderá abarcar a totalidade do período de facturación en caso de ausencia absoluta de lecturas reais. Unha vez a Distribuidora facilite as medidas reais correspondentes, a COMERCIALIZADORA procederá á súa regularización no seguinte ciclo.

Por outra banda, no caso de atrasos ou erros na facturación como consecuencia de erros administrativos e de medida, no relativo aos prazos, ao alcance e ás responsabilidades da COMERCIALIZADORA e da Distribuidora, como encargada da lectura, estarase ao disposto nos arts. 43 a 46 do RD 88/2026 e/ou na normativa que o substitúa ou complemente.

Así mesmo, o CLIENTE acepta recibir facturas electronicamente, que serán facilitadas para a súa consulta e descarga na área de clientes da COMERCIALIZADORA, aínda que o CLIENTE pode solicitar as facturas en papel póndose en contacto connosco de balde en calquera momento por correo electrónico, teléfono ou nas oficinas da COMERCIALIZADORA.

9. CESIÓN DO CONTRATO

9.1. O cambio de titularidade poderá realizarse mediante: a) Traspaso: o CLIENTE ao corrente de pagamento poderá ceder o seu contrato a un novo usuario, presentando ambos unha solicitude conxunta á COMERCIALIZADORA. b) Subrogación: o novo usuario efectivo que acredite título xusto (p. ex., contrato de alugueiro ou compravenda) poderá subrogarse no Contrato comunicándollo á COMERCIALIZADORA, sen que sexa necesaria a sinatura do anterior titular, todo iso de conformidade co disposto no art. 39 do RD 88/2026 para a subrogación e o traspaso do Contrato ATR polo Cliente.

9.2. En calquera momento a COMERCIALIZADORA poderá ceder a súa posición (dereitos e obrigas) neste Contrato a calquera sociedade filial do grupo da COMERCIALIZADORA, en todo o caso sempre que o devandito cesionario reúna calquera das citadas condicións no momento da cesión, estea legalmente habilitado para prestar o servizo obxecto do Contrato e o seu nivel de solvencia sexa, polo menos, equivalente ao da COMERCIALIZADORA.

10. RESPONSABILIDADE

10.1. Agás nos supostos de incumprimento do presente Contrato que se atopen suxeitos ao que en cada caso estabeleza de maneira imperativa a normativa vixente en cada momento, ningunha das partes será responsable fronte á outra de ningún dano indirecto ou lucro cesante derivado do incumprimento deste Contrato.

Ningunha das partes será responsable fronte á outra polos danos e perdas que non lle sexan directamente imputables. A estes efectos, a COMERCIALIZADORA non responderá pola interrupción da subministración por causas que non sexan imputables directamente á COMERCIALIZADORA ou que o sexan ás actuacións doutros suxeitos dentro do sistema eléctrico. Agás que deriven directamente da actuación da COMERCIALIZADORA, esta non responderá das deficiencias na calidade da enerxía e a continuidade do servizo, que serán esixibles por parte do CLIENTE ao titular da rede, transportista ou distribuidor encargados da entrega da enerxía, sen prexuízo da necesaria colaboración e información que poida prestar a COMERCIALIZADORA.

10.2. Ningunha das partes será considerada responsable do incumprimento das súas obrigas en virtude deste Contrato se o devandito incumprimento é causa dun acto de Forza Maior, especialmente no caso da imposibilidade de facer chegar a subministración ao Punto de Subministración por razóns alleas á COMERCIALIZADORA. A efectos do presente Contrato enténdese por Forza Maior calquera acto, circunstancia ou causa que escape ao control de calquera das Partes, mesmo no caso de a parte afectada actuar coa debida dilixencia, quer imprevisible, quer previsible, inevitable, irresistible ou independente á vontade das partes.

10.3. A parte que se vise afectada pola Forza Maior notificarao decontado á outra, describindo detalladamente o acto de Forza Maior alegado e o tempo previsto de duración. Unha vez finalizada a Forza Maior, as partes acordarán o período de tempo e as medidas apropiadas para continuar co desenvolvemento do Contrato.

11. MODIFICACIÓN

11.1. A COMERCIALIZADORA poderá modificar as condicións do presente Contrato ou revisar os seus prezos, notificándollo ao CLIENTE de maneira transparente e comprensible, por escrito e separadamente da factura, cunha antelación mínima dun (1) mes á súa entrada en vigor. Na comunicación informarase expresamente o CLIENTE do seu dereito a rescindir o Contrato sen penalización nin custo ningún antes da aplicación dos cambios e, no caso dunha revisión de prezos, incluirase unha comparativa dos mesmos e unha estimación do custo anual. Se o CLIENTE non manifesta a súa vontade de resolver o Contrato nese prazo, entenderase que acepta as novas condicións na data efectiva da súa entrada en vigor.

11.2. Corresponde determinar á empresa Distribuidora a modificación de calquera aspecto ou parámetro técnico relacionado co acceso de terceiros á rede (por exemplo, potencia contratada, tensión, etc.), que fica supeditada á súa concesión por parte da empresa Distribuidora, producirá efecto dende a data da súa concesión e comportará a variación dos prezos fixados nas condicións económicas do Contrato. A realización das modificacións técnicas precisas para a instalación ser conforme coa normativa vixente será por conta do CLIENTE.

11.3. Con independencia da data na que se celebrou o Contrato, os prezos recollidos nas Condicións Particulares incrementaranse cada 1 de xaneiro na porcentaxe de variación do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), ou índice que o substitúa, dos últimos doce meses que estivese publicado nesa data, agás se a COMERCIALIZADORA decide pospor a revisión dos prezos por variación do IPC para a data da seguinte prórroga ou o 1 de xaneiro. Esta cláusula non será de aplicación para as tarifas de prezo fixo.

12. SUSPENSIÓN

12.1 Caso de suspensión da subministración a COMERCIALIZADORA actuará no nome e interese do CLIENTE fronte á Distribuidora para reclamar o seu restabelecemento canto antes, sen prexuízo de pórse o CLIENTE en contacto coa Distribuidora da zona que é a encargada das cuestións técnicas e única capaz de restabelecer a subministración por fallos na rede. A Distribuidora debe estar á disposición do CLIENTE, 24 horas 365 días ao ano, e na súa factura disporá do teléfono desta.

12.2. O procedemento e os prazos para suspender a subministración aos consumidores que sexan persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW será o que determine a normativa vixente.

12.3. Sen prexuízo de calquera outro dereito que lle asista á COMERCIALIZADORA, no caso de que o CLIENTE non incluído no apartado anterior incumpra calquera dos pagamentos que lle sexan esixibles no momento do seu vencemento, a COMERCIALIZADORA poderá suspender a subministración de enerxía eléctrica e, no seu caso, resolver o Contrato segundo a normativa vixente. A estes efectos, a COMERCIALIZADORA remitiralle o requirimento fidedigno de pagamento. O requirimento enviarase por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo interesado ou o seu representante, así como da data, a identidade e o contido do mesmo. No devandito requirimento indicarase a data na que finaliza o prazo de preaviso para a suspensión, a partir da cal se interromperá a subministración se o CLIENTE non aboou a débeda. O devandito prazo de preaviso será dun mínimo dun (1) mes desde a recepción do requirimento para os consumidores que sexan persoas físicas na súa vivenda habitual, e de dez (10) días naturais para o resto de consumidores. A partir da devandita data, interromperase a subministración se o CLIENTE non aboou a débeda.

12.4. Logo de se efectuar a suspensión da subministración, esta reporase como máximo ao día seguinte do aboamento das cantidades debidas. Para iso O CLIENTE deberá proceder ao envío por correo electrónico ou por calquera medio admitido en dereito da xustificación de pagamento da cantidade pendente e aboada coa referencia pertinente.

12.5. O exercicio por parte da COMERCIALIZADORA do dereito de ordenar á Empresa Distribuidora a suspensión da subministración non libera o CLIENTE da obriga de pagar o importe da facturación pendente. A COMERCIALIZADORA non levará a cabo as actuacións precisas para renovar a subministración ata que o CLIENTE realice todos os pagos debidos, e incluiranse no seguinte recibo todos os gastos ocasionados como consecuencia da suspensión e eventual reposición da subministración, así como a repercusión dos custos asociados aos dereitos de suspensión e reconexión que esixa a Empresa Distribuidora.

12.6. A Empresa Distribuidora pode dar de baixa o contrato de acceso á rede (baixa administrativa) e retirar o equipo de medida se unha subministración permanece máis de 60 días desconectada por falta de pagamento. Unha reactivación dunha subministración por baixa administrativa implica unha alta completamente nova cos custos e requirimentos legais e vixentes asociados á obtención dun novo certificado de instalación que deben ser aboados polo CLIENTE.

12.7. Así mesmo, a subministración poderá suspenderse polas seguintes causas:

a) En casos de Forza Maior, segundo a normativa vixente, non imputables a ningunha das partes.

b) Por razóns de seguridade ou risco para as persoas ou bens, ou realización de tarefas de mantemento, reparación ou ampliación do Punto de Subministración. Caso de ter que cortar a compañía distribuidora a subministración eléctrica para permitir a execución de traballos programados na rede, aínda que esta o comunicará aos usuarios cunha antelación de 48 horas. Esta comunicación farase mediante carteis anunciadores situados en lugares visibles.

c) En xeral, nos supostos previstos na normativa do sector eléctrico vixente e, de forma especial, perante o incumprimento de calquera obriga que a devandita normativa impoña ao CLIENTE como usuario do servizo por mor da deficiente conservación das instalacións do CLIENTE cando isto supoña un perigo para a seguridade das persoas ou bens, ou en caso de manipulación indebida polo Cliente dos equipos ou instalacións.

d) Imposibilidade por parte do distribuidor de instalar o equipo de control de potencia.

13. RESOLUCIÓN

13.1. O Contrato poderá quedar resolto a pedimento de calquera das partes consonte o previsto nesta cláusula, previa comunicación de maneira fidedigna, por escrito ou correo electrónico. No caso de consumidores persoas físicas acollidos ao segmento tarifario 2.0TD, poderán rescindir o contrato e as súas prórrogas en calquera momento, sen necesidade de preaviso e sen que proceda cargo ningún en concepto de penalización por rescisión. Para o resto de consumidores, requirirase un preaviso mínimo de catorce (14) días de antelación. Todo iso sen prexuízo das obrigas económicas pendentes de pagamento ou xeradas pola aplicación da normativa tarifaria vixente, e do que as Condicións Particulares da tarifa contratada poidan dispor de conformidade co artigo 28.3 do Real Decreto 88/2026. A data efectiva da resolución ficará condicionada á aplicación da baixa do contrato de acceso á rede por parte da Empresa Distribuidora.

13.2. Tamén poderá ser resolto polos seguintes motivos:

a) A falta de pagamento dunha factura sen xusta causa por parte do CLIENTE, ao que se lle requirirá previamente o pagamento, previa notificación da resolución contractual por parte da COMERCIALIZADORA ao propio CLIENTE.

Neste caso, a COMERCIALIZADORA poderá dar de baixa o contrato comercial e/ou o contrato de acceso á rede, sempre con respecto á normativa vixente no momento da resolución. Todo iso sen prexuízo do dereito ao cobramento das cantidades pendentes. No caso de consumidores que sexan persoas físicas na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10 kW, a COMERCIALIZADORA poderá resolver o Contrato por falta de pagamento consonte os casos e segundo o procedemento previsto na normativa vixente.

b) Incumprimento dalgunha das condicións esenciais do presente Contrato por calquera das partes e todas aquelas nas que se atopa expresamente previsto.

c) En casos de fraude, manipulación indebida dos Equipos de Medida ou irregularidades nas medidas por parte do CLIENTE, ou cando se establezan derivacións para fornecer enerxía a outro punto de subministración.

Nos casos anteriores, sempre que se derive facturación de consumos por actuación indebida sobre os Equipos de Medida, esta realizarase de acordo coa normativa vixente en cada momento.

d) Deficiente conservación das instalacións ou equipos correctores, que resulte nunhas instalacións perigosas e un grave risco para a seguridade. Nos supostos anteriores, se un consumidor con título xusto para o devandito punto de subministración solicita a formalización dun novo Contrato, a resolución do anterior Contrato será automática.

A suspensión da subministración ou do contrato de acceso á rede nos casos de fraude permitirá a resolución automática do Contrato, sen prexuízo do dereito da COMERCIALIZADORA ao cobramento das cantidades pendentes.

Independentemente das causas anteriores, en todo o caso, serán causas de resolución do Contrato as seguintes:

e) Non permitir de forma inxustificada a entrada en horas hábiles ou de normal relación co exterior nos locais onde se atopan as instalacións de transformación, medida ou control a persoal autorizado pola Empresa Distribuidora encargada da medida e inspección da instalación.

f) A neglixencia do CLIENTE respecto da custodia dos Equipos de Medida e control, á marxe de quen for o seu propietario. A neglixencia do CLIENTE respecto da instalación de equipos correctores caso de se produciren perturbacións á rede e, unha vez decorrido o prazo estabelecido polo organismo competente para a súa corrección, se esta non se efectuou.

A COMERCIALIZADORA poderá solicitar a mudanza de subministrador, a favor da comercializadora de referencia, nos casos e de acordo cos requisitos previstos pola normativa vixente.

13.3. O presente Contrato non ten, con carácter xeral, compromiso de permanencia, polo que o CLIENTE poderá rescindilo e calquera das súas prórrogas sen que proceda cargo nin penalización económica ningunha por rescisión anticipada, salvo que as Condicións Particulares da tarifa contratada establezan expresamente un período de permanencia e a penalización aplicable, de conformidade co artigo 28.3 do Real Decreto 88/2026. Caso de algunha das partes decidir resolver o Contrato, o CLIENTE ou a COMERCIALIZADORA comunicarán esta decisión fidedignamente indicando a data na que se desexe a baixa. Isto enténdese sen prexuízo da obriga do CLIENTE de aboar a enerxía efectivamente consumida até a data de baixa efectiva e calquera outro cargo regulado pendente de facturación (factura final liquidataria).

Os servizos adicionais que, se for o caso, contratase o CLIENTE xunto coa subministración de electricidade quedarán rescindidos automaticamente e ao mesmo tempo que a subministración principal de electricidade, salvo que o CLIENTE indique expresamente o contrario no momento da finalización do contrato.

13.4. Caso de o CLIENTE cumprir en calquera momento da vixencia deste Contrato os requisitos para acollerse ao PVPC e, no seu caso, ao "bono social", poderá realizar dende ese momento un cambio a unha comercializadora de referencia para poder beneficiarse deste, xa que a lexislación vixente non permite a súa aplicación no presente Contrato. A resolución do Contrato por este motivo non comportará en ningún caso

ningunha penalización, custo nin permanencia para o CLIENTE. As condicións para poder solicitar o bono social pódense consultar na ligazón: https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2016-12267

13.5. Caso de o CLIENTE estar acollido ao "bono social" de maneira previa á subscrición do Contrato a COMERCIALIZADORA informará o CLIENTE, axiña que teña coñecemento de tal circunstancia, de que a subscrición do Contrato implicará que non resulte aplicable o bono social. Se aínda así o CLIENTE desexa subscribir o Contrato, a COMERCIALIZADORA remitiralle o documento de "Renuncia á aplicación do bono social" previsto na lexislación vixente, que o CLIENTE deberá asinar para o Contrato ser subscrito.

14. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A prestación dos Servizos da COMERCIALIZADORA comporta o tratamento de datos de carácter persoal do CLIENTE, que serán tratados consonte o previsto no presente Contrato e a política de privacidade

O responsable do tratamento será a sociedade Energía Colectiva S.L., con domicilio postal en rúa Don Juan de Austria, núm. 28, Pta. 4, 46002, Valencia. e NIF B.98.670.003.. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos (DPD ou DPO) enviando un correo electrónico a dpo@energiacolectiva.es

14.1. O tratamento dos datos no marco da contratación e a prestación dos servizos farase coas seguintes finalidades:

a) Xestión da relación contractual

Esta finalidade inclúe a xestión do propio Contrato, a súa facturación e a súa interacción con calquera dos nosos departamentos internos, como poden ser o servizo de atención ao cliente, servizo técnico ou calidade para a atención de reclamacións, mudanzas na contratación ou incidencias. Tamén trataremos os seus datos de contacto coa finalidade de habilitar o acceso do Cliente á súa área privada, á que pode acceder a través da web ou a app, e na que o Cliente pode acceder ás súas facturas ou consultar o seu consumo.

A base de lexitimación para tratar estes datos está na execución da relación contractual, e estes conservaranse mentres esta permaneza vixente e despois manterémolos bloqueados á disposición só de autoridades policiais ou xudiciais ata a prescrición de obrigas legais e responsabilidades derivadas do tratamento, un prazo que xeralmente é de seis anos após a finalización do Contrato, agás que exista algún tipo de reclamación administrativa ou xudicial, e neses casos almacenaranse ata que remate o procedemento.

b) Prestación de servizos de subministración de enerxía eléctrica

Dentro desta finalidade englóbanse as diferentes actividades que resulten precisas e inherentes á prestación do servizo de subministración de enerxía eléctrica, como:

- O fornecemento do servizo de enerxía eléctrica;

- O rexistro dos datos de consumo e o seu uso co obxectivo de poder proceder á súa facturación; así como a reclamación extraxudicial e xudicial caso de falta de pagamento.

- Detección, xestión e solución de incidencias técnicas e resolución de reclamacións.

As categorías de datos obxecto de tratamento con esta finalidade inclúen datos de contacto, SIPS, CUPS e datos de consumo.

Caso de solicitar unha mudanza dende ou cara a outra comercializadora, informámolo ademais de que poderían ser obxecto de tratamento os seus datos identificativos, ao ser entón preciso comunicar os datos á distribuidora de enerxía que lle corresponda por territorio para facer a mudanza. Os datos intercambiados entre a COMERCIALIZADORA e a Distribuidora serán os previstos en cada momento na lexislación vixente na materia.

A base de lexitimación para tratar estes datos está na execución da relación contractual e no caso de switch a adopción de medidas precontractuais, e estes conservaranse mentres esta permaneza vixente e despois manterémolos bloqueados á disposición só de autoridades policiais ou xudiciais ata a prescrición de obrigas legais e responsabilidades derivadas do tratamento, un prazo que xeralmente é de seis anos após a finalización do Contrato, agás que exista algún tipo de reclamación administrativa ou xudicial, e neses casos almacenaranse ata que remate o procedemento.

c) Comprobación de solvencia

Informámolo de que con carácter previo á contratación coa COMERCIALIZADORA consultaremos a súa solvencia en sistemas comúns de información crediticia (BADEXGUG, ASNEF, Experian e Equifax), consonte o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que é un elemento máis no marco da análise da súa solicitude, no cal se teñen en conta outras variables en función do sector, se ten débedas con outras empresas do noso grupo ou o risco de fraude. Se a análise resulta negativa, comunicámoslle que a súa solicitude de contratación poderá ser rexeitada e que ten dereito a solicitar unha revisión manual do seu caso.

Realizamos este tratamento de datos consonte o interese lexítimo da COMERCIALIZADORA de avaliar a viabilidade da nova contratación e reducir o risco de falta de pagamento. Se quere información adicional sobre o noso interese lexítimo, por favor, consulte con dpo@energiacolectiva.es.

O resultado da análise en termos de apto/non apto conservarase durante tres meses dende que se realizou a análise.

d) Comunicación dos datos de falta de pagamento da débeda a ficheiros comúns de solvencia

Caso de non atender puntualmente as súas obrigas económicas e resultar diso unha débeda certa, vencida e esixible, procederase, coa base de lexitimación o interese lexítimo da COMERCIALIZADORA ao abeiro da lexislación vixente, á comunicación dos seus datos identificativos e os datos relativos á débeda pendente de pagamento ás entidades responsables de sistemas comúns de información crediticia (BADEXGUG, ASNEF, Experian ou Equifax), de conformidade coas disposicións sobre sistemas de información crediticia da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Se quere información adicional sobre o noso interese lexítimo, por favor, consulte con dpo@energiacolectiva.es.

A entidade que manteña o sistema de información crediticia informarao sobre a posibilidade de exercitar os seus dereitos estabelecidos dentro dos trinta días seguintes á notificación da débeda ao sistema, e durante ese prazo os datos ficarán bloqueados.

e) Prevención da fraude

A COMERCIALIZADORA poderá verificar a exactitude dos datos que vostede achegue no marco da contratación a través dos Códigos CSV, información da Axencia Tributaria ou mecanismos similares, ou solicitando á entidade bancaria emisora a súa confirmación. Tamén poderán ser consultados os sistemas de prevención de fraude mantidos polo Grupo ao que pertence Energía Colectiva S.L..

Para este tratamento, a COMERCIALIZADORA ten como base de lexitimación o interese lexítimo de protexer o seu Cliente e a propia compañía da fraude na contratación. Neste sentido, a COMERCIALIZADORA tratará os datos estritamente necesarios para realizar a verificación e só na medida na que estes resulten precisos para a prevención da fraude.

Se quere información adicional sobre o noso interese lexítimo, por favor, consulte con dpo@energiacolectiva.es.

f) Información comercial propia

A COMERCIALIZADORA pode tratar os datos identificativos e de contacto dos Clientes para remitirlles información comercial en relación con produtos ou servizos propios, como promocións de diversa natureza, novas tarifas ou melloras por medios electrónicos (por exemplo, correo electrónico, SMS, WhatsApp, a través dos perfís da COMERCIALIZADORA en redes sociais e outras plataformas) consonte o previsto no artigo 21.2 da Lei 34/2002, de 11 de xullo, de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico.

No tocante ao anterior e ao abeiro do interese lexítimo que nos asiste para personalizar as nosas ofertas e, en último caso, ofrecer produtos e servizos que respondan mellor ás necesidades e desexos dos Clientes, podemos segmentar os destinatarios de cada campaña a partir dos datos solicitados no marco da contratación e consumo (por exemplo, para dirixir unha oferta unicamente aos residentes nunha localidade ou área xeográfica concreta, ou aos Clientes que contraten unha determinada tarifa).

Con idéntica finalidade e ao abeiro tamén do interese lexítimo, podemos utilizar datos estatísticos publicados polas Administracións Públicas coa finalidade exclusiva de determinar os parámetros identificativos dos destinatarios de cada campaña (por exemplo, para dirixir unha oferta aos Clientes que residan en localidades de máis de 5.000 habitantes, segundo datos publicados polo INE). Os devanditos datos estatísticos non serán utilizados para realizar perfilado nin para o enriquecemento das nosas bases de datos, agás que se obtivera o previo consentimento do Cliente.

En calquera momento o Cliente pode oporse ao envío desta información ou á personalización desta a través dos procedementos proporcionados nas propias comunicacións comerciais ou os descritos na presente Política de Privacidade. Caso de se opor só á personalización, o cal pode facer escribindo a solicitudeslopd@energiacolectiva.es, poderá seguir recibindo información comercial, pero esta probablemente non lle resulte tan pertinente.

Se desexa obter información adicional sobre o noso interese lexítimo, por favor, consulte con dpo@energiacolectiva.es.

Trataremos os seus datos con esta finalidade mentres sexa cliente da COMERCIALIZADORA e non se opuxera á recepción destas comunicacións.

Despois de que deixe de ser Cliente, comunicámoslle que poderemos seguir informándoo por medios electrónicos dos nosos produtos e servizos consonte o previsto no artigo 21.2 da Lei de Servizos da Sociedade da Información, ao cal poderá oporse en calquera momento mediante o procedemento proporcionado en cada comunicación comercial, póndose en contacto co noso servizo de atención ao cliente ou por calquera outro medio previsto nas presentes Condicións.

14.2. Informámolo de que a COMERCIALIZADORA, a partir do seu interese lexítimo de manter, incrementar e fidelizar a súa carteira de clientes, pode facerlle enquisas ou analizar durante a vixencia do Contrato e ata un prazo de 18 meses despois do remate deste o uso que o Cliente fai dos Servizos contratados connosco, así como as interaccións do Cliente coa COMERCIALIZADORA, basicamente con tres finalidades:

a. Mellorar o servizo, a oferta e a atención ofrecida aos seus clientes con carácter xeral (por exemplo, desenvolver novas tarifas, reducir tempos de espera no servizo de atención ao cliente, enrutar chamadas ao servizo de atención ao cliente de forma eficiente, etc.)

b. Detectar incidencias, áreas de mellora ou necesidades en relación cos nosos servizos con carácter xeral (por exemplo, problemas de subministración, erros na facturación e mellorar a atención de incidencias)

c. Elaborar modelos de propensión de abandono e outros modelos estadísticos.

Para estas finalidades utilizamos datos seudonimizados, así como información sobre o uso que o Cliente fai dos servizos que pomos á súa disposición, o que se entenderá como: servizo de subministración de enerxía eléctrica (o que inclúe a correcta xestión da relación contractual, facturación e pagamentos, a calidade do servizo), servizos de consulta como a app ou o servizo de atención ao cliente e a calidade deses servizos, así como a resolución de incidencias. Por exemplo, a título enunciativo, pódense utilizar os seguintes datos: horarios de consumo, potencia, importes medios de factura ou recarga, incidencias, tipoloxía de incidencia, tempo de espera en atención ao cliente, tipo de atención recibida, tempo de resolución de incidencias, información proporcionada nas comunicacións coa COMERCIALIZADORA, reintentos de chamada errada, se usa ou non a app, etc.

Nestes casos, a COMERCIALIZADORA adoptará as medidas oportunas para garantir que o impacto no dereito á protección de datos do cliente sexa o mínimo. Por exemplo, a COMERCIALIZADORA seudonimizará os datos e tratará aqueles que sexan estritamente necesarios para ese fin. O Cliente pode oporse ao tratamento dos seus datos con esta finalidade escribindo a solicitudeslopd@energiacolectiva.es

14.3. A quen comunicamos os seus datos?

Con carácter xeral, a COMERCIALIZADORA non comunicará os seus datos a ningún terceiro, agás no caso de solicitude de switching (solicitude de mudanza de comercializadora), entón proporcionaremos os seus datos identificativos e CUPS á distribuidora coa finalidade de xestionar a mudanza de comercializadora, e caso de existiren obrigas legais ou exercicio dos dereitos de lexítima defensa da COMERCIALIZADORA, que requiran a nosa colaboración ou achega de datos, por exemplo, en inspeccións de consumo ou requirimentos de información de axentes facultados. Os datos obxecto de comunicación adoitan limitarse aos achegados na contratación, isto é, datos identificativos, de contacto e de pagamento.

14.4. Transferencias internacionais

Así mesmo, informámolo de que a COMERCIALIZADORA non ten previsto levar a cabo transferencias internacionais de datos persoais de clientes con carácter xeral.

14.5. Durante canto tempo conservaremos os seus datos?

Con carácter xeral, os datos derivados da contratación conservaranse mentres se manteña a relación contractual co Cliente e bloquearanse, á disposición só de axentes facultados ata a prescrición das obrigas legais e responsabilidades derivadas do tratamento, durante un prazo que xeralmente é de seis anos após o remate do Contrato, agás de existir algún tipo de reclamación administrativa, e nese caso almacenaranse ata que remate o procedemento, ou xudicial, e nese caso almacenaranse ata que a resolución adquira firmeza.

En calquera caso, se cando remate a relación contractual existisen litixios pendentes derivados do exercicio de accións de impugnación da factura ou tendentes a lograr o seu cobramento, os datos poderán conservarse durante a tramitación destes, mentres non recaia resolución definitiva —data na que se procederá ao seu bloqueo e posterior borrado—, aínda que só poderán utilizarse con fins probatorios.

14.6. Cales son os seus dereitos?

Comunicámoslle que, consonte o previsto na lexislación de protección de datos, conta cos seguintes dereitos:

- Dereito de acceso: Coñecer que tipo de datos estamos a tratar e as características do tratamento que estamos a levar a cabo.

- Dereito de rectificación: Poder solicitar a modificación dos seus datos por ser estes inexactos ou non veraces.

- Dereito de portabilidade: Poder obter unha copia nun formato interoperable dos datos que estean a ser tratados.

Dereito á limitación do tratamento nos casos recollidos na Lei.

- Dereito de supresión: Solicitar a supresión dos datos cando o tratamento xa non resulte necesario.

- Dereito de oposición: Solicitar o cesamento no envío de comunicacións comerciais nos termos antes sinalados.

- Dereito a revogar o consentimento prestado

Pode exercitar estes dereitos mediante correo postal ao enderezo rúa Don Juan de Austria, núm. 28, Pta. 4, 46002, Valencia. ou mediante correo electrónico ao enderezo solicitudeslopd@energiacolectiva.es, indicando o dereito que vaia exercitar e acompañando a documentación requirida. Así mesmo, comunicámoslle que pode interpor unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos.

Na páxina web da AEPD pode atopar unha serie de modelos que o axudarán no exercicio dos seus dereitos.

Se ten algunha dúbida sobre o tratamento dos seus datos persoais, pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos (DPD ou DPO) enviando un correo electrónico a dpo@energiacolectiva.es.

15. RECLAMACIÓNS, RESOLUCIÓN DE CONFLITOS, DEREITOS DO CONSUMIDOR E INFORMACIÓN DE INTERESE

15.1. A declaración de calquera destas Condicións Xerais como inválida ou ineficaz non afectará a validez ou eficacia das restantes, que continuarán sendo vinculantes para as Partes, que se comprometen no devandito caso a substituír a cláusula afectada por outra válida de efecto equivalente segundo os principios de boa fe e equilibrio de contraprestacións. A renuncia de calquera das Partes a esixir nun momento determinado o cumprimento de calquera das Condicións Xerais aquí estipuladas non implica unha renuncia de carácter xeral nin creará un dereito adquirido para a outra parte.

15.2. A COMERCIALIZADORA pon á disposición do CLIENTE a posibilidade de presentar as súas reclamacións ou peticións de información por escrito a través das canles permanentemente actualizadas na web https://jazztelluzygas.com, isto é, tanto por escrito dirixido a “ATENCIÓN AO CLIENTE – RECLAMACIÓN” ás oficinas de Energía Colectiva S.L., rúa Don Juan de Austria, núm. 28, Pta. 4, 46002, Valencia., mediante correo electrónico dirixido a info@jazztelluzygas.com, mediante o formulario web de contacto ou a través do teléfono gratuíto de atención ao CLIENTE ; atenderanse nun prazo de 5 días hábiles para usuarios cunha potencia contratada inferior a 15 kW e de 15 días para o resto. Se non está satisfeito coa resolución da incidencia, poderá dirixirse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico ou á Administración Autonómica competente en materia de consumo e de industria ou enerxía. Así mesmo, infórmase de que a COMERCIALIZADORA está adherida ao Sistema Arbitral de Consumo, entidade recoñecida de resolución alternativa de litixios á que o CLIENTE poderá acudir de balde para a resolución extraxudicial de controversias.

15.3. As dúas partes contratantes sométense á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais do lugar no que se efectúa a subministración ou do domicilio do usuario, segundo este escolla.

15.4. En todo o previsto neste Contrato, as partes rexeranse pola Lei española aplicable e, en particular, pola Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, e pola súa normativa vixente de desenvolvemento.

15.5. Se desexa información sobre medidas de eficiencia enerxética, mobilidade sostible, guía práctica da enerxía e especificacións técnicas que poidan servir para reducir o consumo dos electrodomésticos, pode consultar:

a) IDAE, Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía: www.idae.es C/Madera, 8 – 28004 Madrid – Tel. 913146673

b) CNMC: www.cnmc.es, Sede Alcalá: Alcalá 47 – 28014 Madrid – Tel. 914329600

Así mesmo, pode consultar e comparar as ofertas de subministración de enerxía eléctrica dispoñibles no mercado a través do comparador de ofertas de enerxía da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) na seguinte ligazón: https://comparador.cnmc.gob.es.

15.6. De conformidade coa normativa sectorial, o CLIENTE goza dos dereitos básicos recoñecidos en relación coa subministración de enerxía eléctrica, os cales se garanten e desenvolven ao longo das cláusulas deste Contrato (tales como o dereito a elixir comercializadora, cambiar o medio de pagamento, recibir información transparente sobre prezos, dispor de procedementos áxiles de reclamación, obter compensacións por falta de calidade e resolver o contrato nos termos pactados).

16. AUTOCONSUMO

16.1. Consonte a normativa vixente, é responsabilidade do CLIENTE cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, para poder acollerse á modalidade de autoconsumo elixida (en diante, RD 244/2019). O CLIENTE manifesta que, seguindo os preceptos estabelecidos na norma, comunicou ao órgano competente en materia de enerxía da súa comunidade autónoma a modalidade de autoconsumo á que se acolle e a información precisa para a inscrición no rexistro administrativo de autoconsumo de enerxía eléctrica. O CLIENTE obrígase a notificar á COMERCIALIZADORA calquera mudanza nas características da instalación de xeración, na modalidade de autoconsumo elixida, no contrato de compensación entre consumidor e produtor, así como calquera outra modificación na subministración ou na instalación de xeración que puidese afectar ao presente Contrato ou aos seus Anexos. Consonte o anterior, o CLIENTE asumirá as consecuencias que a devandita falta de notificación puidese ocasionar á COMERCIALIZADORA ou a terceiros.

17. INFORMACIÓN SOBRE O DEREITO DE DESISTENCIA

17.1. O CLIENTE dispón da potestade de desistir do presente Contrato nos termos legalmente previstos. Para exercer o dereito de desistencia, o CLIENTE deberá notificar á COMERCIALIZADORA a súa decisión de desistir do Contrato a través dunha declaración inequívoca por calquera forma, ou a través do formulario adxunto, enchelo cos seus datos persoais e dirixilo a Atención ao cliente a través de correo electrónico ou ben cunha carta enviada por correo postal, sen necesidade de xustificación. O prazo de desistencia expirará aos catorce (14) días naturais dende o día da sinatura deste Contrato de subministración.

17.2. Para iso pode utilizar o formulario de desistencia adxunto, enchendo os datos requiridos para identificar o contrato, aínda que o seu uso non é obrigatorio e pode empregar calquera outro escrito equivalente.

17.3. O enderezo para os efectos de notificacións é o seguinte: rúa Don Juan de Austria, núm. 28, Pta. 4, 46002, Valencia., correo electrónico: info@jazztelluzygas.com

17.4. Ten así mesmo a opción de encher e enviar electronicamente o modelo de formulario de desistencia ou calquera outra declaración inequívoca a través do noso sitio web. Se recorre a esa opción, comunicarémoslle sen demora, por exemplo, por correo electrónico, a recepción da devandita desistencia.

17.5. En todo o caso, o CLIENTE autoriza a COMERCIALIZADORA a que a prestación da subministración obxecto deste Contrato se inicie durante o prazo de desistencia antes indicado. No caso de consumo de electricidade, a desistencia suporá unicamente a obriga do aboamento do importe do servizo prestado ata o momento no que se fixo efectiva a desistencia.

MODELO DE FORMULARIO DE DESISTENCIA

Tes dereito a desistir do teu contrato nun prazo de 14 días naturais.

Podes usar o seguinte formulario para desistires do contrato que tes subscrito con Energía Colectiva S.L. (Jazztel luz y gas). Non é de uso obrigatorio. Podes comunicarnos a túa decisión identificando o contrato a través de correo electrónico ou carta postal.

Correo electrónico: info@jazztelluzygas.com
Correo postal: Energía Colectiva S.L., rúa Don Juan de Austria, núm. 28, Pta. 4, 46002, Valencia.

Comunico que DESISTO do contrato de subministración de electricidade

no CUPS _____

solicitado o día _____ de _____ de _____

Nome e apelidos do cliente: _____

DNI ou CIF: _____

con domicilio en:

Enderezo: _____

Concello: _____

Provincia: _____ Código Postal: _____

Data: _____

Sinatura: